

An abstract painting featuring a central square composed of numerous overlapping, triangular brushstrokes in shades of yellow and orange. This central square is set against a background of vibrant blue and purple brushstrokes, creating a dynamic and textured composition.

A CHAIRA

5^º e 6^º

ÍNDICE

EDITORIAL

O MAGOSTO NO COLE

SAMAÍN

25 N

IMOS DE EXCURSIÓN

COÑECENDO "O ENSINO LUGO"

UNHA VISITA NUTRITIVA

AS NOSAS ÁS DA PAZ

MUSEOS DE A CORUÑA

8M

ENTROIDO

VISITA CLUB DE BALONCESTO

BREOGÁN

VISITA CLUB DEPORTIVO LUGO

UN FOGAR PARA INSECTOS

MEL DE GALICIA

CETRERÍA

OS FALADOIROS INTERCULTURAI

OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN CON ROSALÍA DÍAZ

BÚSCASE FAMILIA DE PAXARIÑOS

PLAN DIRECTOR

MISIÓN: HORTO ESCOLAR

IMOS DAR A CHAPA

A PASTELERÍA DE DONA REMEDIOS

OS CUMPLES EN INFANTIL

XUNTOS TEMOS A FORZA DOS MARES

ENTREVISTA A LOIS PÉREZ

DESPEDIDAS

EDITORIAL

Queridas familias:

Este curso cheo de felicidade e moitas cousas boas chegou ao seu fin.

O curso estivo cheo de acontecementos como clases aburridas, outras divertidas, moitas excursións, visitas...

Este ano houbo máis profes do xeral debido a que Jacobo tivo un fillo, e veu Nacho, que tamén era moi bo. Pero rompeu o pulso, ou “muñeca”, e tivo que vir Bea. Tamén pasou con Carmen.

Este ano vanse Nuria, María e Manu.

Botaremos de menos aos [profesor@s](#) e alumnos que nos acompañaron todos estes anos.

Tamén as broncas que nos botaron, que despois non pasaba nada.

Neste curso tivemos un alumno novo chamado Pablo e a nosa titora Irene que lle queremos dar as grazas por todo o que fixo por nós.

Grazas por axudarnos!

Non esqueceremos os momentos inesquecibles que nos pasaron neste colexio como recreos, clases e sobre todo as excursións.

Nesta revista contaremos todo o que fixemos neste curso e non son poucas cousas!

Un abrazo xigante!

SEXTO DE PRIMARIA

O MAGOSTO NO COLE

Para celebrar o Magosto, disfrazámonos de velliños e velliñas, fixemos cucuruchos para a degustación de castañas asadas e realizamos uns xogos populares onde a protagonista non podía ser outra que a castaña. Que ben!



SAMAÍN

Esta festa de Samaín, orientámola cara a figura das meigas e magos. Hai unha crenza xeneralizada, nun sentido negativo, de que se trataba dunha muller que asinara un pacto co demo, e por iso tamén recibía o nome de *bruxa ou zángana*, pensando tamén que por este pacto tiña a facultade de voar e representaba o mal. **Pero hai outra acepción**, moito máis preto da realidade e fóra dos estereotipos machistas, que lle confire a capacidade de curar e o coñecemento das propiedades das plantas e as herbas. Houbo ser este, con toda seguridade, o que fixo que ó longo do tempo fose sinalada como un perigo para a comunidade.

E este coñecemento en positivo da súa figura é o que nos interesa realzar dende o punto de vista educativo. De tal xeito, **o venres 28 de outubro** as nenas e nenos viñeron disfrazadas/os da casa con todo tipo de roupa vella, obxectos de refugallo, etc....Pero tendo en conta esta circunstancia que vos sinalabamos. Queriamos que a

sostibilidade fose un dos eixos que artellase a actividade da nosa escola: **reducir, reutilizar e reciclar.**





Ese mesmo día fixemos tamén *unha sesión de Cine de Halloween en versión orixinal subtitulada*. Ademais, disfrutamos un *obradoiro terrorífico con sesión de contacontos de medo*.



25 N

No noso cole durante as semanas arredor da conmemoración do 25 novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia Machista contra as Mulleres. "O Machismo pró caldeiro" traballamos na identificación e recoñecemento de todo tipo de micromachismos, a través de producións escritas, murais e tamén vocabulario en

lingua inglesa relacionado con esta cuestión (gaslighting, manspreading, mansplaining, bropiating, ageism...), no camiño de contribuír a erradicar este tipo de comportamentos da nosa vida en sociedade.



de



O alumnado de infantil e primaria, segundo o seu nivel, profundou nesta serie de cuestións, que culminou cunha representación teatral baixo o mesmo nome, a cargo do alumnado de sexto curso para o resto do alumnado máis novo. Ademais, traballouse tamén nestas datas sobre a figura das meigas,



tradicionalmente identificadas na nosa tradición oral e no imaxinario da cultura popular con propiedades negativas, obviándose a realidade: o seu coñecemento exhaustivo da botánica e as propiedades curativas das plantas, o seu carácter ilustrado ou a súa axuda ás mulleres da comunidade favorecendo a vida en sociedade. Neste código QR deixamos unha recolleita das meigas que se coñecen no imaxinario galegoe as súas características (traballo feito por 5º e 6º)



Así, traballouse de xeito paralelo coa axuda das familias, a través da actividade titulada “A apócema do benquerer”, que consistiu en producións escritas do propio alumnado a xeito de esconxuro onde se inclúen comportamentos e actitudes positivas libres de machismo, que poden contribuír a un marco de afectos, igualdade e non discriminación que contribúa a erradicar a violencia das relacións



IMOS DE EXCURSIÓN

O 18 de novembro fixemos unha saída á cidade de Lugo. Os nenos e nenas de infantil, 1º e 2º visitaron a Casa dos Mosaicos e o Museo Provincial para coñecer a vida dos Romanos na nosa cidade. O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º visitaron, na Praza Maior, a exposición da fotógrafa Cristina García Rodero, e logo acudiron ó Vello Cárcere.

Pasámolo moi ben!





COÑECENDO O ENSINO LUGO

O 26 de xaneiro tivemos o inmenso pracer de coñecer algunhas das integrantes do Ensino Lugo que nos viñeron a contarnos as súas experiencias no mundo do baloncesto.



Tivemos a sorte de coñecer a Catarina Pollini, unha das mellores xogadoras de baloncesto feminino da historia e tamén entrevistamos a Lorena, Alba e Ane que nos atenderon con moita amabilidade.

Unha visita nutritiva

Este ano tamén viñeron ao noso cole a falarnos sobre nutrición e saúde. Faláronnos sobre a importancia de consumir froita e verdura, dos aspectos negativos do azucre e déronnos algunhas receitas saudables para mellorar a nosa alimentación.



Ademais, tivemos a sorte de que neste curso trouxéronnos froita fresca e leite ó cole para consumir durante os recreos... Saudables somos máis listos!





AS NOSAS ÁS DA PAZ

O día 30 de xaneiro conmemoramos o Día Internacional da Non Violencia e da Paz, o alumnado profundou sobre a importancia da paz e a non violencia a través de diferentes actividades. Concluimos elaborando unhas mensaxes de paz que pegamos nunhas ás feitas colectivamente.



MUSEOS DE A CORUÑA

Este curso tamén fomos facer unha visita a Coruña nas xornadas de Museos Científicos. Non só, fomos a un museo, se non a tres! Puidemos ver o Domus, o Finisterrae e tamén a Casa das Ciencias e unha sesión estrelada no Planetario. No Domus puidemos percorrer e probar un montón de cousas divertidas.



E fomos mellorando, pois a seguinte visita foi ao Aquarium Finisterrae, onde puidemos ver unha variedade enorme de peixes e especies mariñas.

Ata puidemos coller unha estreliña de mar nas mans.



Para finalizar a nosa estadía na Coruña, acudimos Á Casa das Ciencias. Alí subimos ata a planta alta para poder ter unha sesión de cine no Planetario, onde puidemos aprender cousas moi interesantes sobre o planeta e as estrelas.

Tamén baixamos polas diferentes plantas e probamos unha chea de experimentos. Encantounos!



8M

Así foi como dende o noso cole homenaxeamos as mulleres no 8M. Este ano levamos a cabo un proxecto multidisciplinar chamado “PINCEIS DE MULLER” no que afondamos no percorrido vital e artístico de catro Mulleres pioneiras no mundo da Pintura: María Antonia Dans Boado, Maruja Mallo, Frida Kahlo e Yayoi Kusama. O noso alumnado presentou os traballos feitos arredor delas na nosa biblioteca, canto aprendemos!.



Aquí vos deixamos o manifesto co que as nenas de sexto comezaron a homenaxe:

Desde a súa instauración en 2014, o Día da Ilustración celébrase en Galicia cada ano o 30 de xaneiro coincidindo co día do nacemento de Castelao. Ademais de lembrar e reivindicar o papel dos profesionais

da ilustración na industria cultural, cada ano é homenaxeado un ilustrador histórico galego. Facendo contas e lendo os números son cinco os homes aos que lles adicaron o día da ilustración fronte dúas mulleres, Lolita Díaz Baliño no 2021 e María Antonia Dans no 2023

homes aos que lles adicaron o día da ilustración fronte dúas mulleres, Lolita Díaz Baliño no 2021 e María Antonia Dans no 2023.



Seguimos con números , os números falan e din moitas cousas:

O Museo do Prado só ten expostas nas súas salas pezas de cinco mulleres artistas. As afortunadas son: Sofonisba Anguissola, Clara Peeters, Angelica Kauffmann, Artemisia Gentileschi e Rosa Bonheur. Entre todos eles hai 11 cadros nunha exposición que conta con máis de 1.150.



Algo parecido ocorre co Museo Reina Sofía, tamén de titularidade

pública. O 86% das súas obras, neste caso do século XX, son de



homes. Dos 4.665 artistas presentes na Colección, 658 son mulleres.

Dito todo isto, neste 8M queremos reivindicar a capacidade que as mulleres temos para obrar por nós

mesmas e influir na nosa realidade e na dos demais. Para iso precisamos ser visibilizadas e ocupar os espazos que nos foron negados ao longo da historia.



Aquí vos deixamos algunhas imaxes dos traballos que fixemos para homenaxear a Yayoi Kusama, Maruja Mallo, Frida Kahlo e Maria



ENTROIDO

Continuando co tema central do noso proxecto, este Entroido nos disfrazamos de mulleres artistas.



VISITA CLUB BALONCESTO BREOGÁN

O 14 de marzo visitáronnos dous xogadores profesionais do Club Baloncesto Breogán, quizais a institución deportiva máis representativa da nosa comarca.



Falamos e entrevistamos a Luka Brajkovic e Nemanja Nenadic que nos relataron moitos aspectos clave das súas vidas deportivas e aprendemos a valorar o esforzo, paixón e dedicación que esixe o baloncesto a nivel profesional.



VISITA CLUB DEPORTIVO LUGO

Seguindo ca rolda de visitas deportivas, o 28 de marzo tivemos unha visita moi especial, xa que nos visitaron dous representantes do Club Deportivo Lugo.



Os nosos nenos e nenas desfrutaron dunha bonita experiencia coñecendo ao xogador Marko Scepovic, o cal nos explicou as súas vivencias como xogador de fútbol e as súas anécdotas e traxectoria no deporte profesional.



UN FOGAR PARA INSECTOS

Nas mañanciñas de sol, polo chan do cole patican pequenos insectos que chaman a atención polas súas cores e formas.

Por iso decidimos instalar unha vivenda para estes animalíños pequerrechiños que non fan ningún mal. Unha residencia gratuíta e cómoda, feita de táboa, lousa e rede. Cheíña de paus furados, canas, piñas e labras de madeira onde poder pasar o inverno e gardarse dos insectívoros.

A través de bonitísimos libros da nosa biblio, investigamos sobre eles: as partes do seu corpo, uns que voan, outros que se camuflan,...

Zapateiros, xoaniñas, formiguiñas, bechos bóla,... Todos eles son clientes do noso recién estreado hotel. Cada vez que vemos algún, subímolo a un taxi de folliñas de camelia e deixámolo na recepción. Agardamos que este negocio local teña futuro e nos ocupe moitas horas de lecer.



MEL DE GALICIA



Este curso visitáronnos a Asociación de Mel de Galicia, para explicarnos a importancia que ten a función das abellas e como podemos obter a mel.

Vimos unha colmea e o material que o usan os apicultores para recolleitar mel: o afumador, as pinzas, o traxe e os guantes. Porque ollo que pican para defenderse!

E ata houbo quen se animou a poñerse o traxe e converterse en toda unha apicultora.



E que sorte tivemos, pois nos deixaron uns regaliños. O mellor...

Un ratiño de mel para degustar este gran manxar!




Cetrería

O 24 de abril a Sociedade de Cazadores da Terra Chá ensináronnos un pouco sobre a caza e a cetrería no noso centro, xa que nos viñeron a facer unha visita e ensináronnos algúns dos seus cans e aves.



Aprendemos algúns datos increíbles como os diferentes tipos de aves e as velocidades que alcanzan e tamén observamos a beleza dos cans que trouxeron.

Ademais, presenciamos en directo como traballan os cans de caza e quedamos impresionados ca beleza do falcón e a aguia que trouxeron ao cole.



Os Faladoiros Interculturais

Os Faladoiros interculturais consisten na intervención de nais e/ou pais ou outros membros das familias do alumnado que, procedendo doutras xeografías, rexións ou países, lle acheguen ó alumnado da escola elementos básicos da súa terra, a súa cultura, a súa lingua, costumes, tradicións, a súa experiencia escolar ou laboral, a memoria familiar, xogos...

A xustificación desta actividade radica na necesidade de afondar nos coñecementos previos do alumnado a partir da súa procedencia, lugar de orixe e experiencia de vida, que poden repercutir favorablemente, non só no seu afianzamento nunha nova realidade dentro da realidade da súa



escola. Tamén pode resultar unha fonte de aprendizaxe moi motivadora e interesante para o resto das súas compañeiras e compañeiros, promovendo unha

Obradoiro de ilustración con Rosalía Díaz

Obradoiro de ilustración con Rosalía Díaz

Aquí vos deixamos unhas imaxes do 'Obradoiro Monstruoso' que fixo a ilustradora Rosalía Díaz co alumnado de Infantil, 1º e 2º. Que ben o pasamos e



canto aprendemos do proceso creativo. O Belloto Landro, O Comenenos

Superpatíns, O Galego Mosca, O Monstro Pataca e Colorín... Imos ter boa compañía!

Co segundo e o terceiro ciclo de primaria, Rosalía levou adiante un obradoiro de debuxo a partir das ilustracións de #agrutadatorre e propúxolles unha actividade moi interesante: "Isto non é un paraugas", e vaia se imaxinaron ! Pasámolo en



Búscase familia de paxariños

Coa chegada do bo tempo as aves comezan a facer niños para poñer ovos e formar unha familia. Como nos pica moito a curiosidade, indagamos sobre o tema utilizando libros chulísimos.

Coñecemos os ovíparos, e dentro deles as aves, que incuban os seus ovos ata que saen os pitiños. Diferenciamos as partes do seu corpo, e tamén a forma de alimentarse.

As aves son moitas e moi variadas. Alucinamos moitísimo coas dúas malicias dos cucos, coñecemos outras moi fortes como a aguia, traballadoriñas como o paxaro carpinteiro, viaxeiras coma a cegoña, ou larapeteiras coma os papagaios,...

E, xa que os animais son moi especiais para nós, buscámoslles un recunchiño ás aves no noso fermoso patio. Instalámoslles unha casiña de madeira nunha árbore. Deixámoslle unha barriña de mel e alpiste a ver se algunha parella se anima a vir vivir a ela. Nós estaremos encantad@s.



PLAN DIRECTOR

NON TE DEIXES ENGANAR... USA A CABEZA!

No mes de maio acudiu ao noso centro a Garda Civil de Cospeito para ofrecernos unhas charlas moi interesantes sobre a “Adicción aos videoxogos” e “Delitos de odio”.



Resultou moi interesante entender como funciona o mundo dos videoxogos e o risco de adicción ao cal nos poden someter e os primeiros sinais de alerta para detectar un problema. Ademais, faláronnos dos novos xogos en rede e do seu funcionamento para saber se poden ser un problema para nós ou non.

Na seguinte charla falamos da importancia de entender que todos somos iguais e debemos ser tratados baixo a mesma condición e respectarnos como persoas, sen diferenzas.

A verdade é que aprendemos un montón!

E para rematar, trouxéronnos unha exhibición de coches e motos do corpo da Garda Civil. Deixáronnos montar nos coches e



Misión: horto escolar

Non todo son libros, libretas, números e letras! Tamén gardamos un pouquiño do noso tempo para traballar a terra: sachar, mondar, abonar, transplantar, regar,...

Cando chegamos ao cole despois do verán, agardábanos un montonciño de tomates cherris. Despois veu o triste e húmido inverno, e co paso do tempo, pouquiño a pouco fomos preparando os bancais para volver plantar.

Mais sen esforzo e dificultades non hai froito,... Primeiro, abrimos unha investigación e soubemos que un gato lambón viña a facernos furados na terra e deixarnos abono gratuíto. Fixemos un peche con sinalización e resolvemos o problema con éxito.

Cando as leitugas estaban xa medrando, vimos que había algún molusco gasterópodo que ameazaba con comernos as ricas filliñas verdes. Entón, fixemos unha trampa caseira, ecolóxica e nadiña velenosa: unha piscina de cervexa a ras de terra, tapada cunha tella. Trampa efectiva, misión cumprida.

Todos os cursos se implicaron unha miga e os froitos comezan a vir. O traballo compartido faise máis agradable e todo sabe mellor se é feito con interese.



IMOS DAR A CHAPA

LETRAS GALEGAS 2023

Para celebrar a Francisco Fernández del Riego e a súa paixón pola lingua e a cultura galega IMOS DAR A CHAPA!:

LETRAS GALEGAS 2023
IMOS DAR A CHAPA

PENSA NA PALABRA MÁIS BONITA DO GALEGO

FAI UN DESEÑO PARA A TUA CHAPA

DEIXA VOAR A TUA IMAXINACIÓN

ELIXE ALGÚN ELEMENTO DECORATIVO

ALECRÍN

o alumnado elaborou unhas fermosas chapas en homenaxe a Francisco Fernandez del Riego, figura homenaxada este ano nas Letras Galegas, escollendo palabras da súa obra e combinándoas con motivos da súa figura e palabras ou expresións bonitas da nosa lingua. Traballaron a reo e

quedaron moi ben, non vos parece?



A pastelaría de Dona Remedios, de Agustín Fernández Paz

En primeiro e segundo lemos un libro dun rapaz moi traste que se chama Luís e vai de visita á pastelaría da súa tía Remedios todos os últimos xoves de cada mes.

E, non o podemos negar, nós tamén somos algo Luisiñ@s. Trastear, cociñar e lamboar é o noso. Por iso andivemos a escribir receitas, facelas e comelas!!

En equipo repartimos os traballos: limpar, poñer a mesa, os cubertos, pratos, cociñar, servir,... Non hai traballo que se nos resista! Fixemos amorodos con nata e tamén xeados saudables.

Valemos para mandar a calquera comeretada, somos unha fermosa bancada!



Os cumpres en infantil!



XA SOMOS MAIORES!!







QUE BEN O PASAMOS!



Xunt@s temos a forza dos mares!



Levamos inmersos durante todo este curso nun Plan Proxecta que, baixo o título "Xunt@s temos a forza dos mares", incide no coidado do planeta, enfocándonos "nos 3 R": reducir, reutilizar e reciclar. Así que



aquí vos deixamos algunhas imaxes da presentación que fixo o alumnado para o resto das nenas e nenos da escola dos aspectos máis salientábeis para poñer en práctica estas actuacións. Somos a

Ecopatrulla de Muimenta!!!



Unha vez aprendidos o noso alumnado por quendas salía a patrullar o noso patio para limpar e correxir as cousas que estabamos facendo mal.



Canto aprendemos con Anxo e que ben o pasamos!!

Dentro do plan proxecta "Xunt@s temos a forza dos mares" que estamos a desenvolver no noso cole, tivemos a sorte de contar con Anxo Moure. E así foi como da súa man viaxamos ao bosque dos contos co seu Paztinete □. Coñecemos á Nena Paz e plantamos tenrura. Despois viaxamos ao Sáhara e descubrimos a unha princesa moi especial que nos dixo que Muimenta é dos paxariños □ □.

Descubrimos ao inmigrante número 3 da patera número 15 do 2003...

Unha nena chamada fame
Unha nena chamada frío
Unha nena chamada guerra
Unha nena chamada risa



Entrevista a Lois Pérez

Por que decidiches ser escritor?

Porque me din conta de que me motivaba máis escribir ca facer carreira na avogacía, a fontanaría ou a instalación de antenas eléctricas, cousas para as que estou totalmente incapacitado. Doutra banda, Ademais, eu lía moito e quería probar a escribir as miñas propias aventuras e experiencias...Resumindo: a vida decidiu por min.

Quen che inspirou para dedicarte a isto?

Sabía que na miña familia había un escritor, Darío Xohán Cabana, e eu



víaio traballar e aquilo espertaba a miña curiosidade. Tamén me inspiraron todos os libros que meus pais puxeron á miña disposición sempre.

Por que che gustou e gusta o mundo da escritura?

Gústame porque ler e escribir fannos mellores, xeralmente: somos quen de poñerlle palabras aos nosos sentimentos, ordenar os pensamentos e as ideas e fannos máis empáticos; escribir e ler axúdannos a comprendelo mellor. Todo. Ou case. Amplíanse os nosos horizontes, o noso xeito de ollar.

De pequeno querías ser algunha outra cousa que non fose escritor?

Soñaba con ser futbolista e conseguino. Soñaba con ser xornalista; e estou tentando facer algo ao respecto...Costoume traballo.

Gañaches de pequeno algún concurso de escritura?

Nunca. Tampouco me presentei a ningún. Pero sempre me gustou escribir. Parecíame máxico plasmar nun papel todo o que pensaba ou imaxinaba.

Canto tempo adicaches a escribir este libro?

Aproximadamente tres meses; de marzo a xuño de 2020. Pero despois aínda pasei todo o verán corrixíndoo e revisándoo. A historia xa estaba na miña cabeza dende hai moitos anos. Pero nunca pensara escribila e pasoume algo sorprendente: só escribindo a primeira liña sabes o que vas escribir na segunda. Non vos animades a probar vós, nenas e nenos de Muimenta?

Se non foses escritor, a que che gustaría dedicarte?

Talvez cantante, talvez músico, talvez actor, talvez...Talvez.

Alguén che axudou a escribir este libro ou o fixeches ti só?

Axudáronme miña compañeira Alba -oxalá un día a coñezades- e o noso fillo Lois, que me pediu que lle escribise algo durante o confinamento e ademais deume moitas pistas: “papi, aquí que escribiches? Isto é aburridísimo, e isto é un desastre!” Entón eu ía corrixindo! (Top Secret: non llo digades a ninguén!) Como se che ocorreu a idea de escribir este libro? Ops! Parece que xa volo contei arriba!



Todo o que sucedeu no libro está baseado na realidade ou é ficción?

Unha grande parte, si. Outra parte é posíbel que a inventase na miña condición de escritor. E outra parte ten que ver coa nosa memoria, que garda as cousas que pasaron ao seu xeito. Vós ben sabedes...

Cales das historias son reais? Están baseadas na túa vida real?

As vivencias coa cuadrilla, a aparición da foca, os namoramentos, as persecucións en bicicleta...Agora que me dou conta, é todo real. Entón eu son escritor de verdade ou un simple impostor?

Pensaches en escribir unha segunda parte de “A gruta da torre”?

Axudáronme moitas rapazas e rapaces dos colexios e institutos galegos a pensalo, mellor dito. Andan con gana de que faga unha segunda parte, así que xa me puxen mans á obra. A ver se son quen!

Tes pensado escribir algún libro máis?

Si, de momento levo seis. A miña idea é chegar aos 100 así que non debo distraerme.

Se tes pensado escribilo, podes darnos un pequeno adianto de que tratará?

Tiven unha idea moi orixinal, estou moi contento, mirade: tratará dunhas nenas e nenos da Terra Cha que encontran unha tartaruga perdida no xardín da súa escola e a partir de aí descúbrese unha perigosa operación militar encuberta que poñerá en perigo o mundo, entón as nenas e nenos comezarán a facer unha investigación axudadas dunha avoa e un avó percorrendo as parroquias e dando coa solución no fondo da lagoa de Cospeito, onde estaba a base militar secreta dos malos. Todo se complica despois...Que vos parece? Non contabades, he?

Que nos podes recomendar para poder chegar algún día a ser bos escritores?

Sobre todo, que non leades a Lois Pérez pero que leades todo canto libro poidades, nunca son abondo! E que non deixedes de escribir, pero que o fagades do que coñeces, sen medo. Pinta a túa aldea e serás universal!

DESPEDIDAS...

Despedida do alumnado de 5º

Queridos compañeiros e compañeiras de 6º, sabemos que este día chegaría e teriamos que facervos esta despedida.

Gustounos moito pasar estes anos con vos, como momento tanto divertidos como tristes.

Lembrarémovos a cada un de vos...

Adri, cos seus pequenos berrinches.

Iker, cos seus descoidos.

Aldara co súa “mala leche”.

Erika, coa súa excelencia.

Sempre fóchedes especiais para nos, por iso vos imos estrañar.

Desexámosvos o mellor e esperamos que sigades así de graciosos e divertidos.

Oxalá nos volvamos a ver no instituto, que para o ano tócanos a nos.

E non vos esquezades de vir a facernos algunha visita!



Despedida do alumnado de 6º.

JKER

Este remato a miña travesía na escola, lamentablemente, teño que despedirme do cole que tanto quero, pero seguro que farei novos amigos e pasareino moi ben no instituto, aínda que xa levo ao meu mellor amigo Adrián. Botarei moito de menos a miña prima Ari, que sempre me fixo rir; a Mimon que me facía pasalo moi ben nos malos e bos momentos. Estrañarei aos do fútbol da nosa clase, a Samuel, aínda que as veces nos enfadábamos, pero sempre o arranxabamos. Notarei a falta de Antía, que sempre xogaba cos pequenos.



Lembrareime dos meus profes. A miña primeira mestra, Tere, que moito me aguantou na infancia, e con quen aprendín a contar, escribir, ler e mesmo a non pelexar. Outros que xa non están: Susana; Maribel, da que tiveron moita pena que marchase; Fátima, a profe de inglés. E dende logo, un dos mellores mestres que tiveron, Jacobo, que moito me ensinou e pelexou comigo para non ter faltas de ortografía, rímonos cos seus chistes e non esqueceré o ben que o pasábamos facendo exercicios nas súas clases de Ximnasia. Por último, as profes: Irene e os seus ditados escacharrados; e Alba, que moita caña nos deron neste último curso para que obtiveramos os mellores resultados.

AIDARA

Botarei moito de menos a Erika, aínda que as veces nos cabreamos, pero o que máis estrañarei dela son as bromas que gastabamos ou os cotilleos que contabamos... Tamén botarei en falta a Thiago e a súa "cuadrilla" que sempre andan xuntos dun lado para outro e inventando trasnadas.



Estrañarei aos profes que coñecín este ano. A Nacho por aturarnos en educación física e plástica; Nuria por ser tan boa profesora; Irene por empalagosearlle a cabeza cas xatas; ou María por facer tantas manualidades para o colexio.

Tampouco me esquezo dos que levan aquí anos, como Tere por ensinarme de todo dende o principio ata agora; Alba por ensinarme inglés; e a Jacobo polos seus chistes.

ADRJÁN

Este é o meu último ano neste colexio que tan aprecio lle teño, no que tiven momentos moi bos , e outros non tanto.

Lémbrome o ben que o pasaba en Infantil con Tere e Mikel cando eramos moi chiquitiños. Tamén con Susana, que recordos! Pero sobre todo: Jacobo, Maribel, Carmen e Fátima cambiáronme a vida. Eran amábeis, graciosos e aprendíanme moi ben. Sen dúbida levareinos sempre no meu corazón. Tampouco me podó esquecer das mestras deste ano Irene e Alba.



Non esqueceréi o ben que o pasaba cos meus amigos Iker, Mimone e Samuel

ERJKA

Hoxe chega un dos peores días da miña vida, irme do colexio. Todo o mundo me di que é bonito, que é unha etapa nova na miña vida pero... eu non o creo. Para cando xa non estea aquí, quero despedirme de Tere, que sempre estivo para aturarnos en infantil; de Maribel, á cal estraño moitísimo; de Susana, cos seus exercicios de relaxación; de Jacobo, cos seus chistes durante tres anos; de Alba, por levarnos a tantos proxectos divertidos; e de Irene, que sempre lle importou como íamos ir para o instituto. Tamén estrañarei moitísimo a Aldara, e a como nos perseguían Sofía e a Soraya todo o tempo.



Tamén quero despedirme dos meus compañeiros de quinto que moito xogaron comigo e dos meus compañeiros de sexto aínda que algúns íxa me acompañan ao instituto. Aquí remata a miña despedida e MOI BÓ VERÁN!





BO VERÁN! CURSO 2022/2023

